

ACSUG • IES "Compostela", 5ª planta - Rúa Lamas de Abade s/n • 15702 Santiago de Compostela  
Tfno: 981534173 • Fax: 981534174 • E-mail: axencalsug@edu.xunta.es • www.acsug.com



**ACSUG**  
AXENCIA para a CALIDADE do  
SISTEMA UNIVERSITARIO de  
GALICIA

# **PROTOCOLO PARA A ELABORACIÓN DO INFORME DE SEGUIMENTO DOS PLANS DE MELLORA**

Os Plans de Mellora constitúen un importante punto de partida para a toma de decisións e o deseño de accións correctivas por parte dos distintos organismos competentes, en canto as propostas de mellora recollen as suxestións e opinións dos membros da comunidade universitaria máis cercanos aos problemas e por conseguinte aos mellores coñecedores dos mesmos.

Este protocolo ten como obxectivo ofrecer unha orientación ao Comité de Seguimento da unidade avaliada na súa tarefa de elaborar o Informe de Seguimento do Plan de Melloras, como resultado da valoración realizada na unidade dende a data da avaliación.

Unha das conclusións máis relevantes extraídas dos primeiros procesos de avaliación levados a cabo, é que unha parte significativa das propostas de mellora presentadas non chegaron a implantarse, polo que dende a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) consideramos crucial unha mellor definición dos Plans de Mellora, cun maior grao de implicación dos distintos responsables, así como unha valoración daquelas propostas que non se executaran.

O obxectivo do seguimento do plan de mellora é valorar a planificación, os resultados e o impacto das propostas de mellora plantexadas. Está orientado a comprobar:

- Que se fixo e que non se fixo respecto á planificación inicial.
- Cales son os cambios mais importantes experimentados pola unidade avaliada.
- Como se replantexa a planificación da mellora de cara ao futuro.

O presente documento impulsará a análise e a reflexión da situación actual das unidades avaliadas, promovendo as accións correctivas necesarias que lles permitan encontrarse nas mellores condicións posibles ante os novos retos e transformacións aos que terán que facer fronte nos próximos anos.

Na unidade avaliada crearase un comité de seguimento que será o encargado de levar a cabo o proceso de análise e reflexión, para elaborar finalmente, un informe que debe recoller adecuadamente as opinións da unidade no seu conxunto, de tal modo que garantice a representatividade e operatividade do Comité.

O Comité de Seguimento:

- Debe contar co suficiente apoio institucional, tanto por parte da unidade avaliada como da Universidade.
- Non debería pasar de sete membros e a súa composición debe reflectir a organización interna da unidade; entre os cales debería haber, a lo menos, un alumno, un PAS así como un membro do equipo directivo da unidade.
- É convinte que algún dos membros posúa experiencia en procesos de avaliación institucional e sería interesante, tamén, que algún deles participase na primeira avaliación da unidade.

O Comité elaborará un informe dacordo co protocolo facilitado pola ACSUG. Para o cal se propón a seguinte estrutura:

- 1.- Introducción. Débese incluír a descrición do contexto da unidade.
- 2.- Composición do Comité de Seguimento. Plan de traballo seguido.
- 3.- Análise dos cambios importantes que afectaron á unidade avaliada dende a avaliación ata o momento actual.

4.- Valorar os Plans de Mellora presentados no Informe Final da unidade avaliada, cubrindo as táboas que se xuntan:

- **Táboa 1:** Datos xerais da unidade avaliada.
  
- **Táboa 2:** Desenvolvemento do Plan de Mellora. A partir dos puntos débiles detectados na avaliación realizada (Informe Final) valorar o desenvolvemento das accións de mellora.
  
- **Táboa 3:** Execución e Seguimento do Plan de Mellora. Daquelas accións de mellora que se desenvolveron, valorar as implicacións dos responsables, grao de execución, nivel de cumprimento, financiación, ...
  
- **Táboa 4 a:** Cumprimento da planificación do Plan de Mellora das accións planificadas. Daquelas accións que estaban planificadas e non se executaron, especificar os motivos e circunstancias que xustifican a non realización das mesmas, así como quen es eran os responsables da súa execución.
  
- **Táboa 4 b:** Cumprimento da planificación do Plan de Mellora das accións non planificadas. Daquelas accións non planificadas, no Plan de Mellora Inicial, que se levaron a cabo especificar os motivos da realización das mesmas e os responsables da súa realización.
  
- **Táboa 5:** Situación actual. Especificar aqueles puntos fortes, puntos débiles e propostas de mellora que se mantén dende o Plan de Mellora Inicial recollido no Informe Final, e aquelas que foron aparecendo co transcurso do tempo.
  
- **Táboa 6:** Modelo de propostas de Mellora. Para aquelas novas propostas de mellora que xurdan ou aquelas que se mantén dende o Plan de Mellora inicial, especificar a proposta segundo o modelo da ACSUG.

# **TÁBOAS**

**Táboa 1: Datos xerais**

Unidade avaliada	
Universidade	
Plan de Avaliación	
Convocatoria	
Comité de Seguimento	
Axentes Implicados	



**Táboa 3: Execución e Seguimento do Plan de Mellora**

Denominación da Mellora realizada	Responsables	Grao de execución	Nivel de cumprimento	Financiación	Grao de satisfacción	Planificación Temporal	
						Data inicio	Data finalización

<b>Táboa 4 a: Cumprimento da planificación do Plan de Mellora</b>		
<b>Planificada no Plan de Mellora e non executada</b>		
<b>Denominación da Acción</b>	<b>Responsables</b>	<b>Xustificación da non execución</b>

<b>Táboa 4 b: Cumprimento da planificación do Plan de Mellora</b>		
<b>Non planificada no Plan de Mellora e executada</b>		
<b>Denominación da Acción</b>	<b>Responsables</b>	<b>Xustificación da execución</b>



**Táboa 6: Modelo de Propostas de Mellora**

<b>Denominación da proposta</b>	
<b>Punto débil detectado no informe final</b>	
<b>Ámbito de aplicación</b> <input type="checkbox"/> <b>Ensinanza</b> <input type="checkbox"/> <b>Investigación</b> <input type="checkbox"/> <b>Servizo</b> <input type="checkbox"/> <b>Xeral para o centro</b>	
<b>Responsable da súa aplicación</b> <input type="checkbox"/> <b>Ministerio de Educación</b> <input type="checkbox"/> <b>Xunta de Galicia</b> <input type="checkbox"/> <b>Consello de Coordinación Universitaria</b> <input type="checkbox"/> <b>Universidade</b> <input type="checkbox"/> <b>Departamento</b> <input type="checkbox"/> <b>Outros (especificar cales)</b>	
<b>Planificación da acción:</b> * <b>Obxectivos específicos da acción</b> * <b>Actuacións a desenvolver</b> * <b>Período de execución previsto</b> * <b>Recursos, financiamento.</b>	
<b>Responsable do seu seguimento</b>	
<b>Nivel de cumprimento da acción</b>	
<b>Resultados obtidos/acción</b>	
<b>Indicadores de execución/acción</b>	
<b>Grao de satisfacción</b>	
<b>Accións correctoras a desenvolver</b>	
<b>Observacións:</b>	